



Área / Unidad CONTRATACION CT0000 ICO	Documento 43015I032X	
Código de verificación  3K5D 0D2Y 655G 0X0E 0ROJ	Expediente 831/2021/10	
	Fecha 16-07-2021	

Asunto CERTIFICADO MESA DE CONTRATACION DE 09 DE JULIO DE 2021. SOBRE 1 DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA Y CRITERIOS SUJETOS A JUICIO DE VALOR. SUMINISTRO DE 108 TRAJES DE RESCATE TECNICO PARA EL SEIS DEL AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA.	Interesado
---	------------

D^a EVA BLANCO SÁNCHEZ, Secretaria suplente da Mesa de Contratación do Concello da Coruña.

CERTIFICA:

Que na Mesa de Contratación de data 9 de xullo de 2021, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

3. SOBRE 1 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E CRITERIOS SUXEITOS A XUÍZO DE VALOR

3.1 Licitación 831/2021/10

Subministro de 108 traxes de rescate técnico para o SEIS do Concello da Coruña

A Secretaria suplente informa de que se trata dun procedemento aberto simplificado, cun orzamento base de licitación de 52.272,00 euros.

As empresas licitadoras deben presentar no Sobre 1 a documentación administrativa e a proposta suxeita a xuízo de valor (mostras físicas).

Declarado iniciado o acto, a Secretaria suplente informa da única proposición recibida a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), resultando ser a que a continuación se relaciona:

Número uno e única: PROTEC SOLANA, S.L.

A continuación, o Presidente suplente ordena comezar o acto descifrando o Sobre 1 que contén a declaración responsable e a proposta suxeita a xuízo de valor, e seguidamente a apertura electrónica do dito sobre.



A Secretaria suplente, apoiada por un funcionario do Servizo de Contratación, revisan a documentación administrativa presentada e informan de que é correcta.

A Secretaria suplente procede á apertura dunha caixa que contén as mostras físicas enviadas pola empresa licitadora e amósalle ás persoas que compoñen a Mesa que se trata dun traxe composto por un pantalón e unha chaqueta.

A Secretaria suplente certifica, neste acto, aos efectos previstos no artigo 81 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, que a empresa licitadora presentou de forma correcta os documentos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

Seguidamente, a Mesa de Contratación procede á calificación da dita documentación como correcta, por cumprir co establecido no artigo 140 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Pola Mesa acordase, por unanimidade, admitir no procedemento á única empresa licitadora presentada, **PROTEC SOLANA SL**, por achegar toda a documentación esixida, e publicar o resultado da apertura no Perfil do Contratante, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares regulador deste procedemento.

A continuación, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, remitir o expediente ao Servizo de Extinción de Incendios (SEIS) aos efectos de que emita o correspondente informe de valoración da proposta suxeita a xuízo de valor no prazo de sete días.

E para que así conste, expido o presente certificado para os efectos oportunos, e de incorporación ao expediente dixital do que trae causa.

A Coruña, á data da firma dixital do presente documento.

A secretaria suplente da Mesa de Contratación